



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### persoal

Anuncio lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de técnico/a de normalización lingüística, quenda libre, dentro do proceso de estabilización do emprego público (C.E. 38/18)

##### ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 23 de outubro do 2023, adoptou a seguinte resolución:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

**Unha praza de técnico/a de normalización lingüística, pola quenda libre, dentro do proceso de estabilización do emprego público (C.E. 38/18)**

##### Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
PÉREZ BARRAL , LUÍS ANTONIO	***8326**
PREGO GRAÑA , MARTA	***6446**
REBOLO MAGARIÑOS , DAVID	***9402**
RECIOY FONTECOBA , MARIA CARMEN	***7214**
RIGUEIRO GARCIA , JULIA	***1227**
SEOANE CASAS , DIEGO	***0655**
VIDAL BARRAL , XOSÉ MANUEL	***3008**

##### Excluídas:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
GALLARDO SILVA , YOLANDA	***9061**	a)

##### Causas de exclusión:

a) Non consta aboamento da taxa esixida nas bases da convocatoria, non achega documentación acreditativa de estar nalgunha das causas de exención do aboamento da taxa ou imposibilidade de comprobar a exención do pago da taxa a través da consulta de datos a outras Administracións Públicas.

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

**Segundo.-** O tribunal que vulgará as probas selectivas terá a seguinte composición:

##### Presidente:

Titular: José Manuel Peña Penabad

Suplente: Miguel Iglesias Martínez

##### Secretaria/o:

Titular: Susana Liñares Rey

Suplente: José Carlos Silva Pérez

Vogais:

Titular: María Rosario Carballo Gómez

Suplente: Rocío López Cillero

Titular: María Begoña López García

Suplente: Natalia María Criado Castro

Titular: María Teresa Arcas González

Suplente: Fernando Aradas García

**Terceiro.-** A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), e será publicada no BOP e na páxina web [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal).

**Cuarto.-** Fixar á sesión constitutiva do tribunal sinalado no punto segundo, o día 15/11/2023, ás 9:00 horas, na sala de reunión da xefatura do Servizo de Recursos Humanos (Rúa Franja, 20 4ª planta).

**Quinto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 25 de outubro do 2023

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

2023/8492